



REGULAMENTO DE LICENZAS DA FEDERACIÓN GALEGA DE VOLEIBOL

Contenido

REGULAMENTO DE LICENZAS DA FEDERACIÓN GALEGA DE VOLEIBOL	1
Obxecto e ámbito.....	2
Natureza, efectos e finalidade das licenzas.	2
Licenzas por estamentos.....	6
Prohibicións e incompatibilidades	7
Estranxeiros.....	7
Duración da licenza.....	10
Licenzas deportistas.....	10
Licenzas adestradores e técnicos.....	11
Licenzas árbitros, anotadores e xuíces	12
Tramitación e emisión de licenzas	13
Tramitación e emisión de licenzas	15
Protección de datos de carácter persoal.....	17
Importe das licenzas.....	17



Obxecto e ámbito

A Federación Galega de Voleibol, a través dos seus Regulamentos e Normativas regula, todos os aspectos relacionados coas licenzas que se poden tramitar en esta federación.

O ámbito obxectivo e subxectivo de aplicación desta norma contráese á actividade propia da Federación Galega de Voleibol e ás persoas integradas ou que desexan integrarse na mesma.

As normas que rexen todo o relacionado coas licenzas da Federación Galega de Voleibol teñen carácter indefinido agás aquelas que especificamente teñen marcados prazos específicos.

Natureza, efectos e finalidade das licenzas.

Os dereitos que un xogador ten por subscribir a súa licenza están recollidos no Capítulo II sección sexta artigo 57º do Regulamento Xeral da Federación Galega de voleibol:
“O xogador/a ten os seguintes dereitos:

- a. Liberdade para subscribir licenza con calquera club, respectando as normas establecidas.
- b. Participar na elección da Asemblea Xeral e do Presidente da FGVb, no seu caso.
- c. Asistir e participar en cantas probas, cursos, fases de preparación, seleccións ou outro tipo de concentracións ás que fora convocado pola FGVb.
- d. Recoñecemento médico con todas as garantías, nos termos que determine a FGVb segundo a lexislación vixente.
- e. Ser adestrado por un adestrador titulado.
- f. Consideración a súa actividade deportiva.
- g. Recibir o material deportivo para a práctica do voleibol.
- h. Recibir atención sanitaria gratuíta e adecuada en caso de lesión deportiva, ben por atención directa do seu club ou a través dos concertos voluntarios ou obrigatorios que o mesmo teña coa entidade aseguradora correspondente.
- i. Participar nas sesións de adestramento e nos encontros do seu equipo agás decisión disciplinaria.
- j. Todos os demais previstos nos Estatutos, no presente regulamento e demais normativa da FGVb.”



Os deberes dos xogadores con licenza están recollidos no Capítulo II sección sexta artigo 58º do Regulamento Xeral da Federación Galega de voleibol:

“O xogador/a ten as seguintes obrigas:

- a. Someterse á disciplina do seu club que se axuste ao disposto no ordenamento xurídico, participando nos adestramentos e encontros do seu equipo.
- b. Non intervir en actividades deportivas con equipo distinto do seu sen autorización do seu club.
- c. Coidar e devolver cando sexa requirido o material deportivo que lle fora entregado.
- d. Asistir ás probas, cursos, concentracións, e torneos aos que sexa convocado pola FGVb.
- e. Asistir ás convocatorias das seleccións galegas para as que sexa convocado. A convocatoria enténdese referida tanto aos adestramentos como á celebración efectiva da proba ou competición.
- f. Aquelas outras que lles veñan impostas por disposición legal ou regulamentaria da FGVb.”

Os dereitos dos adestradores están recollidos no Capítulo III sección cuarta artigo 72º do Regulamento Xeral da Federación Galega de voleibol:

“O adestrador/a ten os seguintes dereitos:

- a. Liberdade para subscribir licenza, respectando as normas establecidas.
- b. Participar na elección da Asemblea Xeral e Presidente da FGVb, no seu caso.
- c. Asistir ás probas e cursos de preparación aos que sexa convocado pola FGVb, sen prexuízo das obrigas para co seu club.
- d. Recibir atención sanitaria gratuíta e axeitada no caso de lesión deportiva, ben por atención directa do seu club ou a través dos concertos voluntarios ou obrigatorios que o club teña coa entidade aseguradora correspondente.
- e. Obter consideración pola súa actividade.
- f. Recibir o material deportivo preciso para desenvolver a súa actividade.
- g. Percibir as compensacións pactadas co seu club.
- h. Todos os demais previstos nos Estatutos, no presente regulamento e nas outras normativas da FGVb.”



As obrigas dos adestradores están recollidos no Capítulo III sección cuarta artigo 73º do Regulamento Xeral da Federación Galega de voleibol:

" O adestrador/a ten as seguintes obrigas:

- a. Someterse á disciplina do club ao que estivera vinculado pola licenza.
- b. Non intervir en actividades deportivas con equipo distinto do seu sen autorización da entidade pola que teña subscrita licenza.
- c. Coidar, e devolver cando sexa requirido para isto, o material deportivo que se lle entregue.
- d. Asistir ás probas, cursos, concentracións e torneos aos que sexa convocado polo seu club, FGVb ou pola RFEVB.
- e. Aquelas outras que lles veñan impostas por disposición legal ou regulamentaria da FGVb."

Os dereitos dos árbitros, anotadores e xuíces de liña están recollidos no Capítulo IV sección cuarta artigo 82º do Regulamento Xeral da Federación Galega de voleibol:

"Son dereitos dos árbitros, anotadores e xuíces de liña:

- a. Participar na elección da Asemblea Xeral e na elección do Presidente da FGVb, no seu caso.
- b. Asistir ás probas e cursos de perfeccionamento ou divulgación aos que sexa convocado polo Comité Técnico Nacional de Árbitros ou polo Comité Técnico Galego de Árbitros, segundo a súa categoría.
- c. Recibir as prestacións da entidade aseguradora que corresponda nos casos de cobertura previstos.
- d. Obter consideración pola súa actividade.
- e. Percibir as cantidades que se establezan anualmente pola Asemblea Xeral da FGVb.
- f. Ser clasificado nunha das categorías establecidas pola FGVb.
- g. Todos os demais previstos nos Estatutos, no presente regulamento e noutra normativa da FGVb."

As obrigas dos árbitros, anotadores e xuíces de liña están recollidos no Capítulo IV sección cuarta artigo 83º do Regulamento Xeral da Federación Galega de voleibol:

- a. "Someterse á disciplina da FGVb e ás normas do Comité Técnico Galego de Árbitros.
- b. Asistir ás probas e cursos aos que sexan convocados Comité Técnico Galego de Árbitros.



- c. Coñecer, aplicar e facer cumprir as Regras Oficiais de Xogo, así como todas aquelas normas e regulamentos da FGVb que lles sexan de aplicación.
- d. Aquelas outras que lles veñan impostas por disposición legal ou regulamentaria da FGVb.”

Os obrigas dos delegados de campo están recollidos no Capítulo V sección segunda artigo 86º do Regulamento Xeral da Federación Galega de voleibol:

“Son obrigas do delegado de campo:

- a. Presentarse ao equipo arbitral e, no seu caso, ao delegado federativo, cando estes acudan ao campo e cumprir as instrucións que estes lle comuniquen, antes e durante o transcurso do partido, sobre calquera deficiencia que xurda.
- b. Darse a coñecer ao equipo visitante, actuando de enlace entre os equipo contendentes e sinalando os vestiarios a utilizar.
- c. Facilitar a ambos equipos bancos ou cadeiras suficientes para situar aos adestradores, xogadores e acompañantes provistos da correspondente licenza federativa.
- d. Ordenar que a colocación destes bancos ou cadeiras respecte a distancia regulamentaria da mesa de anotadores, que estean convenientemente illados do público, impedir que se sitúen nos mesmos persoas non autorizadas, previa consulta ou a requirimento do equipo arbitral.
- e. Responder da boa orde antes, durante e ao remate do encontro solicitando, de ser necesario, a intervención da forza pública.
- f. Facilitar todos os elementos necesarios para a práctica do voleibol, tales como o perfecto estado da rede e a súa altura, cadeira arbitral, tabliñas para efectuar os cambios, marcadores, etc.”

Os dereitos e obrigas dos auxiliares están recollidos no Capítulo V sección quinta artigo 89º do Regulamento Xeral da Federación Galega de voleibol:

“1. Todos os auxiliares teñen os seguintes dereitos:

- a) Liberdade para subscribir licenza, de acordo coas normas establecidas e respectando os compromisos adquiridos.
- b) Asistir ás probas e cursos de preparación aos que sexa convocado pola FGVb, sen prexuízo das obrigas para co seu club.
- c) Recibir as prestacións da entidade aseguradora correspondente nos casos de cobertura previstos.



- d) Obter consideración na súa actividade.
 - e) Recibir o material deportivo preciso para a súa actividade.
 - f) Percibir as compensacións pactadas co seu club.
 - g) Todos os demais previstos nos Estatutos, no presente regulamento e noutras normativas da FGVb.
2. Todos os auxiliares teñen as seguintes obrigas:
- a) Someterse á disciplina do club ao que estean vinculados pola licenza.
 - b) Non intervir en actividades deportivas con equipo distinto do seu sen autorización deste, ou da FGVb, segundo o caso.
 - c) Coidar e no seu caso devolver o material deportivo que o club ou a FGVb lle entregara.
 - d) Asistir ás probas, cursos, concentracións, e torneos aos que sexa convocado polo seu club ou pola FGVb.
 - e) Aquelas outras que lles veñan impostas por disposición legal ou regulamentaria da FGVb.”

Licenzas por estamentos

As licenzas federativas poderán corresponder aos seguintes estamentos:

- a. Xogadores, establecido no Capítulo II Sección Primeira Artigo 36º do Regulamento Xeral: “Son xogadores/as as persoas físicas que practiquen o voleibol e que subscriban a correspondente licenza federativa para iso. Coa sinatura da solicitude da dita licenza e/ou a licenza establecida ao efecto queda vinculado ao seu club e suxeito á disciplina da FGVb.”
- b. Adestradores-técnicos, establecido no Capítulo III Sección Primeira Artigo 59º punto 3 do Regulamento Xeral: “A sinatura da solicitude da licenza polo adestrador/a implica a súa vinculación ao club ou á disciplina da FGVb segundo corresponda.”
- c. Árbitros e anotadores, establecido no Capítulo IV Sección Primeira Artigo 76º puntos 1 e 2 do Regulamento Xeral:”
 - 1. Son árbitros de voleibol as persoas físicas que tendo subscrito a correspondente licenza federativa, coidan da correcta aplicación das Regras Oficiais de Xogo e demais normas de aplicación durante os encontros, ostentando a máxima autoridade dentro do terreo de xogo.



2. Son anotadores e xuíces de liña as persoas físicas que, tendo subscrito a correspondente licenza federativa, colaboran cos árbitros exercendo as funcións previstas nas Regras Oficiais de Xogo.”
- d. Delegados e membros de Clubs, establecido no Capítulo V Sección Primeira Artigo 84º punto 1 do Regulamento Xeral:
- “1. Todos os clubs poderán tramitar unha licenza de delegado por cada equipo, que serán persoas que ostenten a representación do club, e que se ocuparán dos cometidos administrativos así como de auxiliar nas tarefas que o seu club lle sinala.”

Prohibicións e incompatibilidades

Soamente os árbitros, anotadores e xuíces de liña teñen limitado pertencer a dous ou mais estamentos, estando recollido no Capítulo IV, Sección primeira, artigo 77º apartado d): ” d) Non ser nin xogador, nin adestrador, nin ostentar outra condición dentro do voleibol activo, agás aqueles casos expresamente autorizados pola FGVb. Teranse en conta neste último caso as limitacións que sinala o regulamento do Comité Técnico Galego de Árbitros á hora de realizar as designacións.”

Estranxeiros

Nas normas xerais de competición, no punto 10, apartados do 10.1 ao 10.5, establécese todo o relativo a tramitación de licenzas de xogadores estranxeiros:

“10.- XOGADORES E ADESTRADORES DOUTRAS NACIONALIDADES

10.1.- A Federación de Orixe dun deportista será tida en conta de acordo á Normativa da FIVB e que aparece detallada nas Normas Xerais de Competición da RFEVb.

O club deberá comunicar no momento de presentar a solicitude de tramitación das súas licenzas a Federación de Orixe do Xogador. Ante calquera dúbida ou discrepancia acerca da Federación de Orixe, a FGVb consultará á RFEVb para establecela.



10.2.- Os xogadores sénior que non teñan como Federación de orixe a RFEVB so poderán participar por norma xeral co equipo do club polo cal tramitaron a súa licenza. Exceptuase desta norma aos xogadores estranxeiros menores de 22 anos ao inicio da competición os cales poderán ser aliñados nas mesmas condicións que se recollen no artigo 8.7 destas Normas Xerais.

Un adestrador estranxeiro só poderá aliñarse no equipo do seu club polo cal tramitou a súa licenza, ou en equipos dese mesmo club de categoría inferior. Para aliñarse en equipos do club de categoría superior deberá darse de baixa no equipo no que tiña tramitada a súa licenza e tramitar outra co novo equipo.

10.3.- Agás que as Normas Específicas de Competición digan o contrario, non poderán tramitarse máis de 5 licenzas de xogadores cuxa Federación de Orixe non sexa a RFEVB nas competicións nacionais sénior. Tampouco poderán aliñarse máis de 5 destes xogadores nun mesmo encontro.

10.4.- Na Final do Campionato Galego Xúnior e Xuvenil e na Final do Campionato de España Xúnior e Xuvenil non se admitirá a participación de ningún xogador estranxeiro agás os denominados estranxeiros especiais. Non se considerará estranxeiro a aquel que teña a nacionalidade dun país comunitario ou do Espazo Económico Europeo.

Na 2ª División Autonómica Sénior, na 3ª División Autonómica Sénior e nas categorías cadete e infantil non hai límite de tramitación nin de aliñación de xogadores estranxeiros nin necesidade de que sexan cualificados como especiais.

Se o club dispuxera de estranxeiros cadetes que cumpriran as condicións esixidas para a súa participación co equipo de 1ª División Cadete do seu club, poderán ser aliñados, previa solicitude de autorización federativa e debendo nese caso obter a cualificación de estranxeiro especial.

Se o club dispuxera de estranxeiros especiais júnior ou xuvenís cuxa Federación de orixe non fora a RFEVB e que cumpriran as condicións esixidas para a súa participación en equipos sénior do seu club, poderán ser aliñados, pero ocupando praza no encontro como xogador cuxa Federación de orixe non é a RFEVB.



10.5.- Os xogadores cuxa Federación de orixe non sexa a RFEVB e que teñan a licenza tramitada dentro dos prazos establecidos en equipos de 1ª División Autonómica Sénior, pero sen autorización da RFEVB para Fases Nacionais poderán solicitala no momento de formalizar a inscrición do equipo para a Fase Final.”

No Capítulo II, artigo 39º do Regulamento Xeral, establécese os requisitos e alcance do estranxeiro especial: “Artigo 39º

1. Considérase estranxeiro especial a aquel xogador non sénior nin español nin comunitario que cumpra dúas das catro seguintes condicións e que sexa autorizado expresamente pola FGVb:

- a) Nacer en España.
- b) Estar escolarizado en España en Primaria, Secundaria ou similar, e telo estado a lo menos durante o curso anterior.
- c) Ser fillo de pai ou nai española.
- d) Que leve un ano residindo, empadroado en España.

2. Nas categorías cadete e infantil así como nas ligas xuvenís zonais e na fase regular da Liga Galega Xuvenil non será necesario ter a consideración de estranxeiro especial para poder xogar nelas.

3. Aqueles xogadores cadetes ou infantís que queiran participar na Fase Final da Liga Galega Xuvenil ou nunha competición xuvenil ou sénior de ámbito nacional deberán ter a cualificación de estranxeiros especiais, debendo neste caso acreditar unha soa das condicións expostas, admitíndose ademais como válida para adquirir esa categoría a residencia documentada do pai ou da nai en España por motivos laborais.

4. A documentación xustificativa débese aportar no momento de solicitar a dilixencia da licenza ou da autorización federativa. Para acreditar a súa idade e personalidade deberán exhibir o pasaporte así como outro documento oficial, no que conste: nome, idade, nacionalidade e foto.

5. Se o xogador/a estranxeiro especial puidera xogar encontros, de acordo á normativa xeral da FGVb, en equipos sénior do seu club, farao nas mesmas condicións dos estranxeiros, ocupando praza como tal e necesitando tránsfer para aquelas competicións que a normativa xeral así o determine.



6. O número máximo de estranxeiros xuvenís especiais que poden xogar na categoría xuvenil virá recollido anualmente nas Normas Xerais de Competición.

Duración da licenza

A duración da licenza de cada estamento está recollido no Regulamento Xeral:

- Xogadores: Capítulo II, sección terceira, artigo 44º punto 1: “1. As licenzas teñen que ser necesariamente da categoría do equipo no que vaian a participar e válidas por unha temporada, agás as excepcións regulamentariamente previstas.”
- Adestradores: Capítulo III, sección terceira, artigo 67º: “O adestrador/a deberá dispor da licenza oficial correspondente debidamente dilixenciada. Cada licenza terá validez por unha temporada.”
- Árbitros, anotadores e xuíces de liña: Capítulo IV, sección terceira, artigo 80º punto 1: “O árbitro, anotador ou xuíz de liña deberá dispor da licenza oficial correspondente, debidamente dilixenciada a través do Comité Galego de Regras de Xogo e Arbitrase Comité Técnico Galego de Árbitros da FGVb. A licenza terá validez para unha temporada.”

Licenzas deportistas

As licenzas de deportistas de voleibol divídense nas seguintes categorías de idade, tal como recolle o punto 2 das Normas Xerais de competición:

“No ámbito de actuación da FGVb, as categorías e idades para as competicións de clubs serán:

PREBENXAMÍN	nados nos anos 2018 e 2019
BENXAMÍN	nados nos anos 2016 e 2017
ALEVÍN	nados nos anos 2014 e 2015
INFANTIL	nados nos anos 2012 e 2013
CADETE	nados nos anos 2010 e 2011
XUVENIL	nados nos anos 2008 e 2009
JÚNIOR	nados nos anos 2006 e 2007
SÉNIOR	nados no ano 2005 e anteriores



As licenzas de deportistas de volei praia divídense nas seguintes categorías de idade, tal como recolle o punto 2 das Normas Xerais de competición de volei praia: “No ámbito de actuación da FGVB, as categorías e idades para as competicións serán:

ALEVÍN	nados o 1 de xaneiro do 2014 ou data posterior
INFANTIL	nados nos anos 2012 e 2013
CADETE	nados nos anos 2010 e 2011
SUB-19	nados nos anos 2008 e 2009
SUB-21	nados nos anos 2006 e 2007
SÉNIOR	nados no ano 2005 e anteriores”

Os requisitos para a obtención da licenza do deportista tanto de voleibol como de volei praia están establecidos no Capítulo II, sección primeira, artigo 37º: “Para que un xogador/a poida subscribir licenza deberá reunir os seguintes requisitos:

- a) Ser español ou cidadán dun estado membro da Unión Europea.
- b) Non ter licenza en vigor con ningún outro club.”

Licenzas adestradores e técnicos

Os adestradores tanto de voleibol como de volei praia clasifícanse segundo a categoría do seu título, estando recollido no Capítulo III, sección segunda, artigo 66º a clasificación:” 1. Os adestradores/as poderán obter as seguintes categorías de títulos:

- a) Nivel Minivoley. Título de adestrador/a de Minivoley.
- b) Nivel I. Título de adestrador/a Escolar.
- c) Nivel II. Título de adestrador/a Territorial.
- d) Nivel III. Título de adestrador/a Nacional.”

Os requisitos para obter a licenzas de adestrador/técnico están establecidos no capítulo III, sección primeira, artigo 60º: “Para que un adestrador/a poida subscribir licenza por un club galego deberá reunir os seguintes requisitos:

- a) Ser español ou cidadán dun estado membro da Unión Europea. Esta condición poderá ser dispensada pola FGVb nas condicións e formas que se establezan regulamentariamente.
- b) Ter máis de dezoito anos, con excepción dos adestradores/as para a categoría de Minivoley, que deberán ter máis de dezaseis anos.
- c) Posuír o título oficial de adestrador recoñecido pola FGVb ou a RFEVb.



- d) Non ter compromiso ou licenza con outro club ou Federación agás nos casos previstos regulamentariamente.
- e) Asistir nas últimas 3 temporadas a un mínimo de 3 actividades formativas de entre as recollidas no catálogo formativo da FGVb. Este requisito comezará a ser esixible na temporada 2013/2014, ou ben tres anos despois da publicación do primeiro catálogo de actividades formativas da FGVb, para aqueles adestradores que tiveran tramitado licenza polo menos durante 3 temporadas coa FGVb.”

Licenzas árbitros, anotadores e xuíces

No capítulo III, sección segunda, artigo 79º do regulamento xeral, establece que: “A FGVb, a través do Comité Técnico Galego de Árbitros, clasificará aos árbitros ao inicio de cada temporada en categorías de acordo aos criterios e probas establecidos nos Estatutos da FGVb e no Regulamento do Comité Técnico Galego de Árbitros.”

No Regulamento do Comité Técnico Galego de Árbitros, no capítulo VI, artigo 26º establécese as categorías arbitrais: “As titulacións arbitrais quedan establecidas segundo o Artigo 5 do presente Regulamento. As categorías e ámbito de actuación quedan do seguinte xeito:

Voleibol

- Anotador:
 - Competicións de ámbito autonómico e/ou nacional.
 - Anotador electrónico. Competicións de ámbito autonómico e/ou nacional.
- Xuíz de liña. Competicións de ámbito autonómico e/ou nacional.
- Árbitro de voleibol:
 - Árbitro Nivel I Competicións de ámbito autonómico.
 - Árbitro Nivel II Competicións de ámbito autonómico.
 - Árbitro Nivel III Competicións de ámbito autonómico e/ou nacional.

Volei Praia

- Anotador:
 - Competicións de ámbito autonómico e/ou nacional.
 - Anotador electrónico. Competicións de ámbito autonómico e/ou nacional.
- Xuíz de liña. Competicións de ámbito autonómico e/ou nacional.
- Árbitro de vólei praia:
 - Árbitro Nivel I Competicións de ámbito autonómico.



- Árbitro Nivel II Competicións de ámbito autonómico.
- Árbitro Nivel III Competicións de ámbito autonómico e/ou nacional”

Os requisitos para obter a licenza de árbitro, anotador e xuíz de liña tanto de voleibol como de volei praia están establecidos no Capítulo III; sección primeira artigo 77º: “ 1. Para que un árbitro, anotador ou xuíz de liña poida subscribir a correspondente licenza federativa deberá reunir as seguintes condicións:

- a) Ser español ou cidadán dun estado membro da Unión Europea. Esta condición poderá ser dispensada pola FGVb nas condicións e formas que se regulen regulamentariamente.
- b) Ter unha idade mínima de dezaseis anos para os anotadores e de dezoito para o resto de árbitros, e non superior a idade de retiro que sinala a FIVB para os árbitros internacionais.
- c) Posuír o título oficial de árbitro recoñecido pola FGVb.
- d) Non ser nin xogador, nin adestrador, nin ostentar outra condición dentro do voleibol activo, agás aqueles casos expresamente autorizados pola FGVb. Teranse en conta neste último caso as limitacións que sinala o regulamento do Comité Técnico Galego de Árbitros á hora de realizar as designacións.
- e) Asumir os compromisos que anualmente estableza o Comité Técnico Galego de Árbitros en materia de dispoñibilidade e número mínimo de actuacións arbitrais.”

Tramitación e emisión de licenzas

O Estatuto da Federación estable como é a tramitación e misión das licenzas de xogadores, adestradores e árbitros:

- **Xogadores:** Título IV, artigo 81 “A licenza, que non poderá ser denegada no caso de cumprir os requisitos expostos nos párrafos anteriores, será expedida pola Federación segundo as seguintes condicións básicas:
 - 1. As licencias poderán ser tramitadas unicamente a través dos clubs.
 - 2. O club entregará na FGVb o impreso de solicitude de tramitación de licenzas, debidamente cuberto en todos os seus apartados xunto ao xustificante de abono na conta da FGVb do importe do Seguro Deportivo Obrigatorio de todos os xogadores que figuren nel, con a cobertura mínima exixida na Lei do Deporte de Galicia. No caso dos



equipos de categoría cadete e inferiores en lugar do resgardo de pagamento do Seguro Deportivo, deberán achegar a copia do Seguro Deportivo Federado da Secretaría Xeral para o Deporte. O club aportará tamén o xustificante do pago do importe das licenzas que será fixado e aprobado pola Asemblea Xeral.

3. A sinatura da solicitude da licenza ten carácter de declaración formal do xogador/a respecto aos datos que figuran na mesma, responsabilizándose da súa veracidade e da concorrencia dos requisitos esixidos pola normativa federativa.

4. Unha vez tramitadas as licenzas, e no prazo que se determine regulamentariamente, a Federación expedirá unha relación (“licencia colectiva”) onde figurarán todos os xogadores con licenza no equipo.

5. Regulamentariamente poderá desenvolverse o anterior procedemento e fixárase o prazo máximo de tramitación. Transcorrido dicho prazo máximo a licenza entenderase outorgada.”

- **Adestradores:** Título V, artigo 84º punto 5: “A licenza, que non poderá ser denegada no caso de cumprir os requisitos expostos nos párrafos anteriores, será expedida pola Federación nos termos expostos no Título anterior para os xogadores.”

- **Árbitros, anotadores e xuíces de liña:** Título VI, artigo 89º, 4): “A licenza, que non poderá ser denegada no caso de cumprir os requisitos expostos no párrafo anterior, será expedida pola Federación segundo as seguintes condicións básicas:

- a) O interesado entregará na FGVb o impreso de solicitude de tramitación de licenza, debidamente cuberto en todos os seus apartados e xunto co xustificante de pago na conta da FGVb do importe do Seguro Deportivo Obrigatorio, que haberá de ter a cobertura mínima exixida na Lei do Deporte de Galicia. Xunto co anterior aportará tamén o xustificante do pago do importe da licenza que será fixado e aprobado pola Asemblea Xeral.

- b) A sinatura da solicitude da licenza ten carácter de declaración formal do árbitro/anotador respecto aos datos que figuran na mesma, responsabilizándose da súa veracidade e da concorrencia dos requisitos esixidos pola normativa federativa.

- c) Unha vez tramitadas as licenzas, e comprobado que se compreen todos os requisitos, no prazo que se determine regulamentariamente, a Federación expedirá a licencia.

- d) Regulamentariamente poderá desenvolverse o anterior procedemento e fixárase o prazo máximo de tramitación. Transcorrido dicho prazo máximo a licenza entenderase outorgada.”



Tramitación e emisión de licenzas

O **procedemento de tramitación** de licenzas está establecido no punto 6.1 das Normas Xerais de Competición de Voleibol: “6.1.- O procedemento de tramitación de licenzas será o seguinte, agás que as Normas Específicas da competición sinalen outro distinto:

O club inscribirá na páxina web da FGVb as licenzas correspondentes a cada un dos equipos inscritos para as diferentes competicións autonómicas. De cada equipo obterá o documento “Solicitud de tramitación de licenzas”, que selado e asinado deberá ser enviado á FGVb xunto co xustificante de pago do 50% da Tarifa de Xestión Federativa correspondente á categoría de ese equipo. No caso dos equipos de categoría cadete e inferiores tamén se deberá achegar a copia do Seguro Deportivo para competicións federadas da Secretaría Xeral para o Deporte.

Para as competicións nacionais o club entregará na FGVb o impreso de “Solicitud de tramitación de licenzas”, debidamente cuberto en todos os seus apartados e aboará na conta da FGVb o importe do Seguro Deportivo Obrigatorio de todos os deportistas que figuren nel.

No caso dos equipos de categoría nacional o ingreso das licenzas farase na conta bancaria da RFEVB e o ingreso dos seguros farase na conta bancaria da FGVb. Os equipos de categoría autonómica farán o ingreso das licenzas na conta bancaria da FGVb.

- Federación galega de Voleibol:
Banco Sabadell ES71 0081 0499 6400 0137 8440
- Real Federación Española de Voleibol:
Consultar normativa da Real Federación Española de Voleibol para a tempada en curso.

A FGVb enviaralle a documentación anteriormente citada á RFEVB, agás no caso dos equipos da 2ª División, da 3ª División, da 4ª División das ligas alevíns e das ligas benxamíns por non ser estas categorías ou competicións actualmente recoñecidas pola RFEVB.



Unha vez tramitadas as licenzas, a RFEVB ou a FGVb (segundo corresponda) expedirá unha relación (licenza colectiva) onde figurarán todos os xogadores e auxiliares con licenza no equipo, así como se están autorizados para ser aliñados nunha competición superior. Poderían non ser incluídos aqueles deportistas, aínda coa licenza tramitada, que non puideran ser aliñados de acordo á normativa vixente.

Non se admitirá a tramitación de licenzas, nin a autorización federativa para competición superior a aqueles clubs que teñan débedas coa FGVb ou a RFEVB cando esta fora reclamada e non satisfeita.”

O prazo para a presentación de solicitude de licenza está establecido no punto 6.3 das Normas Xerais de Competición de Voleibol: “Polo menos cinco días antes do comezo da competición cada equipo deberá ter tramitado un mínimo de 8 licenzas de xogadores e un adestrador con titulación suficiente na FGVb agás as excepcións establecidas nas normas específicas de cada competición. O número mínimo de 8 participantes debe manterse durante toda a competición, non aceptando a FGVb a tramitación de baixas cando isto supoña incumprir o mínimo de participantes. A tramitación con posterioridade do mínimo de participantes será sancionada segundo o Regulamento Disciplinario. “

O procedemento de tramitación de licenzas de volei praia está establecido no punto 5.3 das Normas Xerais de Competición de Volei praia: “5.3.- As licenzas autonómicas de Volei Praia poderán ser tramitadas unicamente a través dun club de Volei praia ou da sección de volei praia dun club de voleibol. A tramitación das licenzas de volei praia tanto autonómicas como nacionais poderase realizar exclusivamente a través da federación autonómica á que estea adherido o club en cuestión. Deberanse utilizar os modelos oficiais publicados pola FGVb e pola RFEVB, segundo corresponda, e que incluírán como mínimo os seguintes apartados:

- Nome, apelidos, DNI, sexo e Data de nacemento.
- Club ao que, no seu caso, pertence.
- Sinatura do deportista e selo da FGVb.
- Categoría, tipo de licenza, data de expedición e temporada.
- Data de caducidade no caso de ser anterior á finalización da temporada (31 de agosto).

A licenza terá validez mentres que teña validez o seguro solicitado polo para o/a xogador/a no momento de tramitar a documentación. As



distintas opcións de seguro serán comunicadas mediante circular e publicaranse na web da federación.”

Os prazos para a solicitude de licenzas de voleibol para xogadores están marcados na táboa do Anexo I das Normas Xerais de Competición de Voleibol.

No vólei praia, non se establecen prazos temporais para a tramitación de licenzas.

Os árbitros, anotadores, xuíces de liña, técnicos ou delegados non teñen prazos temporais establecidos para a tramitación de licenzas.

Protección de datos de carácter persoal

A información relativa a protección de datos de todos os estamentos está recollido nas seguintes webs públicas:

- O tratamento de datos de carácter persoal referida a plataforma dixital para a xestión dos afiliados e membros con licenza da Federación están na web <https://voleibol.isquad.es/condiciones.php/>.
- O tratamento de datos de carácter persoal referida os trámites feitos directamente coa Federación como poden ser cursos, solicitude de certificados persoais ou outros derivados da actividade propia da Federación cos membros con licenza da Federación están na web pública: <https://volei.gal/politica-de-privacidade/>.

Importe das licenzas

O importe das licenzas de voleibol están recollidos no punto 18.1 das Normas Xerais de Competición de Voleibol:

Tipo Licenza	1ª Div. Sénior (1)	2ª Div. Sénior 3ª Div. Sénior 4ª Div. Sénior 1ª Div. Júnior 2ª Div. Júnior 1ª Div. Xuvenil 2ª Div. Xuvenil	3ª Div. Júnior 3ª Div. Xuvenil 4ª Div. Júnior 4ª Div. Xuvenil	1ª Div. Cadete 1ª Div. Infantil 2ª Div. Cadete 2ª Div. Infantil 3ª Div. Cadete 3ª Div. Infantil 4ª Div. Cadete 4ª Div. Infantil	Alevín / Benxamín / Prebenxamín
Xogador/a Nacional	89,00 €	83,00 €	77,00 €	17,00 €	0,00 €



A. Nivel I	98,00 €	98,00 €	98,00 €	98,00 €	98,00 €
A. Nivel II	109,00 €	109,00 €	109,00 €	109,00 €	109,00 €
A. Nivel III	114,00 €	114,00 €	114,00 €	114,00 €	114,00 €
Directivo, delegado ou auxiliar ⁽²⁾	102,00 €	97,00 €	97,00 €	97,00 €	86,00 €
Xogador/a Nacional	89,00 €	15,00 €	10,00 €	7,00 €	0,00 €
A. Nivel I	29,00 €	29,00 €	29,00 €	29,00 €	0,00 €
A. Nivel II	39,00 €	39,00 €	39,00 €	39,00 €	0,00 €
A. Nivel III	44,00 €	44,00 €	44,00 €	44,00 €	0,00 €
Directivo, delegado ou auxiliar ⁽²⁾	33,00 €	28,00 €	28,00 €	28,00 €	0,00 €

Categoría	Importe
Xuíz de liña	66,00 €
Árbitro Nivel I	77,00 €
Árbitro Nivel II	99,00 €
Árbitro Nivel III-C	99,00 €
Árbitro Nivel III-B	99,00 €
Árbitro Nivel III-A	99,00 €

O Custe pola expedición de Autorización da RFEVb será o recollida nas Normas Generales de Voleibol da RFEVb da tempada para a que se solicita. O Custe da autorización de árbitro Nivel II a Autorizado Nivel III é o mesmo que o custe de Nivel III-C.

O custe da mutualidade asociada atópase recollido no punto 19.3 das Normas Xerais de Voleibol:

O importe das licenzas de volei praia están recollidos no punto 12 das Normas Xerais de Volei praia:



	Anual	A partir do 1 de xuño
Licencia Xogador Sénior Nacional	61,00 €	50,00 €
Licencia Xogador Sénior Autonómico	39,00 €	28,00 €
Licencia Xogador Sub 19/21	22,00 €	
Licencia Xogador Cadete/Infantil/Alevín	6,00 €	
Licencia Adestrador Nacional	33,00 €	
Licencia Adestrador Autonómico	17,00 €	
Licenza de Árbitro (todos os niveis)	94,00 €	
Licenza de anotador / Xuíz de Liña	94,00 €	

Disposición Final.- Entrada en vigor

O presente regulamento entrará en vigor a partir da súa aprobación pola Administración deportiva autonómica, tal e como se establece na Instrución do 10 de febreiro de 2021, da Secretaría Xeral para o Deporte, para a remisión dos regulamentos de licenzas das federacións deportivas galegas (DOG núm.33, do 18 de febreiro de 2021). O regulamento entenderase aprobado, se no prazo dun (1) mes a Administración deportiva autonómica non notificase a correspondente resolución de aprobación.